



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

**D<sup>a</sup>. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024**, adoptou o seguinte acordo:

**12.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS PERÍODO 2022-2023 (EXPTE. 9712/335).**

Visto o informe xurídico do 26/01/2024 e o informe de fiscalización do 06/02/2024, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/2024, asinado polo enxeñeiro municipal e conformado polo concelleiro da Área de Goberno (Resolución de Alcaldía de data 23/01/24), que di o seguinte:

Con data 11 de maio de 2023 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022 – 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 239.000,00 € con cargo a partida 3380.489.0000 (Transf. a entidades e comisións de festas”do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOOPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do Servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022 - 2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOOPO, (20 de xullo de 2022) sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas, que unha vez revisadas as solicitudes e de acordo co estipulado na base oitava (instrución) solicitaron aos/as interesados/as para que nun prazo de dez días, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, foi remitido á Comisión de Avaliación que se reúne ás 09:00 horas do día 11 de decembro de 2023 na planta segunda do Concello de Vigo, e que está integrada polo Concelleiro Delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, D. Ángel Rivas González que actúa como presidente; e por D. Álvaro Crespo Casal como vogal e Antía Mosquera González como secretaria.

Achégase neste expediente a acta da antedita Comisión de Avaliación asinada con data 18 de decembro que leva anexa a folla de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos recollidos nos informes individuais de cada expediente de solicitude realizados polo Enxeñeiro Municipal (Resolución de traslado da concellería delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 22/09/22) Álvaro Crespo Casal, e posteriormente revisados pola Comisión de Avaliación.

Figura en cada expediente o informe individual de cada entidade solicitante previamente polo Instrutor de expediente. Compróbase ademais que as entidades cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás subvencións, segundo a información achegada polas mesmas no prazo establecido na convocatoria.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 10:46	Páxina 1 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A7AB4D-EF45B1-E45BA8-S9UT4W-NELB4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Dado o retraso producido na tramitación e posterior aprobación da resolución de concesión das presentes bases de subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais, período 2022-2023 (expte. 9712/335), é necesario modificar o prazo de presentación da documentación por parte das entidades solicitantes, para que éstas, podan xustificalo de xeito favorable.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Participación Cidadá e Festas faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA:**

**PRIMEIRO:** Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.”

Procédese a revisión da documentación presentada polas entidades solicitantes, acordando:

- Entender desistidas da súa solicitude ás entidades que a continuación se relacionan:

EXPTA	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
9761-335	Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	Documentación sen subsanar
9849,335	A. V. del Barrio de la Feria de Cabral	G36729796	Documentación sen subsanar
9918-335	CRAC de Coruxo	G36627495	Documentación sen subsanar
9764-335	Asociación Irmandade Nosa Sra. da Alba	G36887933	Documentación sen subsanar
9853-335	Asociación Comisión de Festas dos Ramallos	G36878395	Documentación sen subsanar
9875-335	Ateneo Musical de Bembrive	G36784197	Documentación sen subsanar
9876-335	Asoc. S. CDR Helios de Bembrive	G36633428	Documentación sen subsanar
9877-335	asociación Coral Polifónica Anduriña	G36898708	Documentación sen subsanar
9881-335	Asociación Veciñal Socio-Cultural e Deportiva de San Miguel de Oia	G36648640	Documentación sen subsanar
9893-335	Unión Veciñal Cultural e Deportiva de Candeán	G36863348	Documentación sen subsanar
9910-335	Asociación Unión Musical de Valladares	G36639110	Documentación sen subsanar
9911-335	Asoc. V.S.C.D. O Freixo	G36654184	Documentación sen subsanar
9916-335	Asoc. Veciños de San Pedro de Sárdoma	G36649325	Documentación sen subsanar
9917-335	Lideiras Asoc. Cultural	G67674598	Documentación sen subsanar

- Desestimar da súa solicitudes as que se refiren a base novena das Bases reguladoras, sendo a relación de solicitudes a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 10:46	Páxina 2 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A7AB4D-EF45B1-E45BA8-S9UT4W-NELB4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

EXPTE	NOME DA ENTIDADE	CIF	CAUSA DA DESESTIMACIÓN
9883-335	The Wild	G27867076	Incumpre as bases 9,2, f
9762-335	Asociación Cultural Traspes (Cursiño de baile tradicional)	G27739861	Incumpre as bases 9,2, d

**SEGUNDO:** Tendo en conta os gastos subvencionabeis establecidos na base segunda da convocatoria, a Comisión de Avaliación procede primeiro á avaliación das solicitudes que optaron ao **concepto subvencionábel 1.- Festas tradicionais e patronais, gastronómicas e festivais folclóricos:**

**1.1. Festas de especial interese no ámbito urbano** cunha antigüidade de máis de 50 e un presuposto superior a 60.000€, **cunha asignación fixa de 18.000 €:**

Non se presenta ningunha entidade.

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.1: 0,00 €

**1.2. Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual)**

a) cunha antigüidade de máis de 50 anos e que teñan un orzamento superior a 60.000,00 €, **asignación fixa de 18.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
9796-335	Hermanidad de Devotos de San Roque	G36763225	Romaria de San Roque
9854-335	Asociación Irmandade de Santa Ana Beade	G36648095	Festas Patronais na honra de Santa Ana
9869-335	Irmandade de San Campio	G36840940	Festas Patronais San Campio
9871-335	Asoc.Cultural Hermanidad Fiestas Dolores	G36846921	Festas das Dores de Cabral
9884-335	Asoc. Comisión Fiestas Virgen de los Afligidos	G36790228	Festas Patronais da Virxe dos Afligidos

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2,A): 90.000,00 €

b) cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000,00 €, **asignación fixa de 12.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
9870-335	Asoc. Cult. Hdad Fiestas Sta Marina-Cabral	G36837425	Festas Patronais Sta Mariña – Cabral
9874-335	Asoc. Irmandade Nosa Sra. das Neves-Matamá	G36954162	Festas Patronais Nosa Sra. das Neves
9880-335	Hermanidad de Fiestas Patronales San Blas e Santiago de Bembrive	G36705036	Festas Santiago Apostol
9887-335	Asoc de Veciños del Calvario	G36648293	Festa da Alegría 2023
9892-335	Asoc. Cult. San Miguel Arcanxo Festas	G27745917	Festas Patronais San Miguel de Oia
9897-335	Asociación Fiestas de San Lorenzo	G36401688	Festas de San Lorenzo

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2,B): 72.000,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/05/2024 10:46

Páxina 3 de 7

SUBVENCIONS

CSV: A7AB4D-EF45B1-E45BA8-S9UT4W-NELB4A-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

c) cunha antigüidade de máis de 15 anos e que teñan un orzamento superior a 10.000,00 €, **asignación fixa de 4.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
9768-335	Asociación Cultural de Beiran	G27818905	Festas patronais Nosa Sra. Da Soidade
9770-335	Asociación de Cultura e Festas de Castrelos	G36717973	Festa das Candelas e San Brais
9771-335	Asoc. S. de Festas Virxe do Carme de Coruxo	G36723229	Festa Patronais Virxe do Carme
9879-335	Asoc. Festas a Paloma da Garrida- Valladares	G36962389	Verbena da Pomba
9882-335	Asoc. Festas del Rosario	G36710689	Festas do Rosario
9894-335	Comi. de Festas Nosa Sra. das Neves a Guía	G36731404	Festas da Guía
9891-335	Irmandade de Festas de Santa Cristina de Lavadores AC	G729336107	Festas Patronais Sta Cristina de Lavadores

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2.C): 28.000,00 €

**1.3. Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias** que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos, **asignación fixa de 4.000,00€**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
9851-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	XXXV Romería do Pan de Millo
9878-335	Asoción Cultural O Coto	G36627941	XXXV Festa do Cabazo
9912-335	Asoc. de Veciños de Beade AVCU-CSCR	G36632081	Festa – Feira da Cereixa

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.3): 12.000,00 €

O importe total concedido ao concepto subvencionábel 1.- Festas tradicionais e patronais, gastronómicas e festivais folclóricos ascende a **202.000,00€**

**TERCEIRO:** Unha vez finalizada a avaliación das solicitudes que optaron ao concepto subvencionabel 1. O saldo restante (**37.000,00 €**) distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionábeis 2.- Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas:

2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura: O nº máximo de programas a presentar será de DOUS (2).

2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias: O número máximo de programas a presentar será de DOUS (2).

**CUARTO:** Tendo en conta os gastos subvencionabeis establecidos na base segunda da convocatoria, a Comisión de Avaliación procede primeiro á avaliación das solicitudes que optaron ao **concepto subvencionábel Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas**

2.1.-Programas de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura.

O número máximo de festas, programas ou actividade a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de DOUS (2).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 10:46	Páxina 4 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A7AB4D-EF45B1-E45BA8-S9UT4W-NELB4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

2.2.- Programas de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

O número máximo de programas a presentar por cada entidade a este concepto a subvencionar será de DOUS (2).

Expte	Entidade	CIF	Programa	importe subv.
9762-335	Asociación Cultural Traspés	G27739861	XI Concurso Canto e Percusión Tradic. Traspés	768,42 €
			XII Serán Traspés	739,42 €
			Festa fin de curso Traspés	463,95 €
9763-335	Sociedad Cultural e Deportiva Atlántida de Matamá	G36620854	Festifolc 2022	927,90 €
			Festa do Socio 2023	855,41 €
9765-335	Centro Cultural Veciñal e Deportivo Vigo Centro	G27762434	Baile Moderno	521,94 €
9766-335	Agrup. Centros Culturais do Concello de Vigo	G36791291	Encontro de Teatro	521,94 €
			Encontro Folclórico	884,40 €
9767-335	Asociación Veciñal Emilio Crespo de Navia	G36648608	Festival infantil	869,91 €
			Noite de San Xoán	652,43 €
9844-335	Asociación de Pandereteiras Urdime	G27797448	Noite de San Xoán	608,93 €
9846-335	Asociación de Veciños de San Roque	G36659894	Encontro de Pandereteiras 2023	608,93 €
9847-335	Asociación de Veciños de San Roque	G36659894	Festa das Castañas (Magosto)	<b>585,00 €</b>
9847-335	Asociación Cultural e Deportiva Val do Fragoso	G36640860	Noite de San Xoán	521,94 €
9848-335	Asoc Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	Festas de San Xoán	739,42 €
9850-335	Asoc Cultural e Deportiva Xestas	G36628543	XXXIII Certamen Festa da Tortilla e Churrasco	884,40 €
9851-335	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	IX Festa Infantil	608,93 €
9852-335	Asociación Cultural As da Industria	G27852755	San Xoán	608,93 €
			Magosto	<b>500,00 €</b>
			Son da Industria – Día das Letras Galegas	565,44 €
9855-335	Asoc. Cult. e deportiva San Xurxo de Saiáns	G36648988	XXXVI Festa da Amizade	985,89 €
9872-335	Asoc. Cult. Recreativa S. Mamede de Zamáns	G36691855	Festa do Socio	797,41 €
9874-335	Asoc. Irmandade Nosa Sra. das Neves-Matamá	G36954162	Festa do Carballo / Empanada	840,91 €
			Festa do Entroido	695,92 €
9885-335	Asociación Sforza Bembrive	G06929418	Achegate a Banda	695,92 €
9886-335	Asoc. Cultural Abella Producións	G27877703	Pequefreak 2023	666,93 €
9890-335	Centro Cultural Artístico e Recreativo de Valladares	G36617082	Memorial Moxenas	971,39 €
			Celebrando a cultura e as letras Galegas	869,91 €
			XXXI Certame de Rondallas de Valladares	898,90 €
			XVIII Serán de Valladares	884,40 €
9895-335	Asociación Veciños de Parada-Maceiriña	G36655942	Serán Popular	579,94 €
			Magosto Popular	652,43 €
9896-335	Asoc. Veciñal Cultura e Deportiva de Cabral	G36651073	Fogueira de San Xoán	782,92 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 10:46	Páxina 5 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A7AB4D-EF45B1-E45BA8-S9UT4W-NELB4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Expte	Entidade	CIF	Programa	importe subv.
			XXXII Festa do Socio	840.91 €
9898-335	Asoc. de Veciños Monte da Mina de Castrelos	G36623593	Festa da Convivencia	913.40 €
9899-335	Asociación Cultural "Xarabal"	G36884864	Serán Popular	681.43 €
			Magosto Popular	681.43 €
9900-335	Asoc. Veciños San Pedro de Matamá la Unión	G36654036	Festa de San Xoán	681.43 €
			Festival Folclórico San Amaro	927.90 €
9901-335	Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello	G36645885	Festa Dramatizada do Maios	913.40 €
			Festa Tradicional do Samain	913.40 €
9902-335	Asoc. Veciñal Cultural e Deportiva de Sampaio	G36648103	Festa de San Xoan	710.42 €
9912-335	Asoc. Veciños de Beade AVCU-CSCR	G36632081	Festival Folclórico	<b>834.00 €</b>
			Beade Dinámica	1,116.38 €
9913-335	Asoc. Folclórica e Cultural O Fiadeiro	G36812204	IV Festival Baile Moderno	739.42 €
9914-335	Asoc. Cultural Galicia Fiddle	G94084456	Microconcertos Galicia Fiddle	565.44 €
9915-335	Asoc. Veciñal Novo Vigo	G27771195	Encontro Foliadeiro	956.90 €
			Noite de San Xoan	594.44 €
9919-335	Asoc. Veciños Nosa Terra de Alcabre	G36649374	Fogueira San Xoan 2023	768.42 €
9920-335	Asoc. Veciños Praza da Miñoica	G36842284	Chourizada de San Xoan	666.93 €
			<b>Total</b>	<b>36,657.24 €</b>

O importe total concedido ao concepto subvencionábel Liña 2: Actividades Socioculturais relacionadas coas artes escénicas ascende a 36.657,24 €

**QUINTO:** Procédese a completar a documentación incorporando ao expediente de cada solicitante proposto como beneficiario os certificados acreditativos de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo de conformidade co artigo 22 RD 887/2006 con carácter positivo e vixente, polo que faise necesaria a tramitación desta subvención como expediente prorrogado ao non concretarse o compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamento do ano 2024.

**SEXTO:** Modificar a cláusula décimo terceira das bases.- Prazo e forma de xustificación e pagamento:

*"En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) as entidades beneficiarias están obrigadas a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.*

*Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>*

*No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a emenda.*

*A beneficiaria, deberá xustificar antes do **29 de febreiro de 2024** o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos"*

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/05/2024 10:46

Páxina 6 de 7

SUBVENCIONS

CSV: A7AB4D-EF45B1-E45BA8-S9UT4W-NELB4A-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
Secretaría de Goberno Local

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.  
O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 10:46	Páxina 7 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A7AB4D-EF45B1-E45BA8-S9UT4W-NELB4A-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		